

COMUNICADO Nº 060/23

04 DE ABRIL DE 2023

CESE DE ALFONSO GARCÍA EIRIZ COMO SECRETARIO E VICEPRESIDENTE POR OURENSE

O día 4 de abril, don Alfonso García Eiriz foi cesado polo Presidente da F. G. de A. dos seus cargos de Secretario e Vicepresidente por Ourense, co apoio unánime da Xunta Directiva, debido a perda de confianza surxida tras as gravísimas esixencias persoais e económicas contidas nun “borrador”, unilateralmente redactado polo Sr. García Eiriz, e que él mesmo fixo público tras remitilo a un indeterminado número de persoas alleas á Xunta Directiva, o que provocou un mar de rumores infundados fomentados de forma interesada por o ata agora Secretario e Vicepresidente por Ourense.

O feito de buscar un beneficio persoal (económico e político) por riba de calquera dos federados, membros da Xunta Directiva, Presidente e estatutos da Federación, as filtracións continuadas de información sensible e en moitos casos non veraz, ademáis dunha absoluta falta de rigor nos seus cometidos dentro da FGA e que foran pactados ao igual que co resto de integrantes, a vontade de asumir competencias fora do seu cargo e varios graves erros que provocaron un prexuízo reputacional e económico á Federación (incluíndo a perda de importantes patrocinadores), son motivo máis que suficiente para tomar esta difícil decisión.

De cara a procurar unha postura de consenso, o xoves 30 de marzo Eiriz foi convocado a unha reunión de urxencia da Xunta Directiva, na que non quixo estar presente, sendo o único que non acudiu, para dar as explicacións pertinentes polo “borrador” e as filtracións realizadas de forma continuada das solicitudes, o que demostra, unha vez máis, a súa absoluta falta de vontade por arranxar unha situación insostible.

Nos próximos días a Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo nombrará un novo Secretario e Vicepresidente para Ourense.